PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 30/01/2024 12:31:02
Nº Rexistro: 18671
Data envio: 30/01/2024 12:31:02.595

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa da Deputación Permanente, na súa sesión do 29 de xaneiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Asuntos económicos e contratación

3.2.1. Prórroga do contrato administrativo do servizo de mantemento do programa de xestión parlamentaria (STI-NSP-6-2020).

1. O contrato foi adxudicado mediante Acordo da Mesa do Parlamento de 2 de marzo de 2021, e formalizado o 11 de marzo do 2021, entrando en vigor ese mesmo día.

2. A empresa presentou no rexistro xeral de entrada do Parlamento de Galicia co nº 63851, o 8 de xaneiro de 2024 solicitude para a prórroga do presente contrato á Mesa do Parlamento por un período de un ano, do 11 de marzo de 2024 ao 10 de marzo de 2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- O contrato ten carácter administrativo e se rexe polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), e en canto non estea derrogado, no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

2.- Ao teor do artigo 29 da LCSP, a duración dos contratos do sector público deberase establecer tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a súa realización, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

Os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluídas as posibles prórrogas que acorde o órgano de contratación.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas.

A prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Asistencia Parlamentaria
Servizo de Tecnoloxías da Información
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-wnlKE7EqA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. A posibilidade da prórroga preveuse expresamente no prego de cláusulas administrativa desta contratación e tívose no seu momento en conta para a determinación do seu valor estimado e, polo tanto, para a elección do procedemento de adxudicación.

Ao tenor da cláusula terceira do contrato, a duración do contrato estenderase dous anos dende o día da súa formalización, podendo ser obxecto de prorroga polos períodos sucesivos que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximo de tres anos máis.

4. O contrato contempla a execución de 500 horas anuais conforme ao seguinte prezo:

- *Importe prezo/hora: ..... 37,80 €.*
- *IVE: ..... 7,93 €.*
- *Total: ..... 45,73 €.*

Polo tanto, o prezo anual máximo do contrato é 22.869,00 €, IVE engadido, segundo o seguinte detalle:

- *Importe: ..... 18.900,00 €.*
- *IVE: ..... 3..969,00 €.*
- *Total: ..... 22.869,00 €.*

Segundo a cláusula segunda do contrato o prezo non pode ser obxecto de revisión, polo tanto no caso de prórroga, o prezo seguirá sendo o mesmo.

5. Segundo o responsable do contrato, *as xustificacións expostas no inicio do procedemento de contratación plenamente vixentes, e vitais para o correcto funcionamento do Parlamento de Galicia tanto dende o punto de vista informático, como o de proporcionar servizo para os diferentes departamentos (fundamentalmente o Servizo de Asistencia Parlamentaria), así como permitir o normal desenvolvemento da función lexislativa do Parlamento de Galicia, e polo que dende Servizo de Tecnoloxías da Información considérase fundamental a tramitación da prórroga deste contrato, e en consecuencia emítese informe favorable a súa prórroga ata o 10 de marzo de 2025.*

6. Consta no expediente certificado de inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, no que se acredita que a empresa se atopa, nesta data, ao corrente de débedas tributarias coa Axencia Estatal e coa Axencia Tributaria de Galicia, e de débedas coa Seguridade Social.

7. Dado que a prestación obxecto do contrato se esta realizando con normalidade e seguen vixentes as necesidades que se pretendían cubrir co contrato (proporcionar servizo para os diferentes departamentos -fundamentalmente o Servizo de Asistencia Parlamentaria-, así como permitir o normal desenvolvemento da función lexislativa do Parlamento de Galicia) e polo

CSV: REXISTRO-wnlKE7EqA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 30/01/2024 12:31:02
Nº Rexistro: 18671
Data envio: 30/01/2024 12:31:02.595

PARLAMENTO DE GALICIA

tanto, as razóns de interese público que xustificaron o inicio deste expediente de contratación, proponse á Mesa prorrogar o contrato ata o 10 de marzo de 2025, inclusive.

8. Visto o informe de legalidade e o informe de conformidade da intervención da Cámara, no que se indica que se trata dunha prestación imputable aos exercicios 2024-2025, sendo o prezo anual do contrato para o tempo de prórroga indicado o seguinte:

exercicio 2024 por 18.442,83€ (consta certificado de existencia de crédito)
exercicio 2025 por 4.426,25€

Polo que a Mesa da deputación permanente adopta o seguinte Acordo:

1º) Prorrogar o contrato administrativo do servizo para o mantemento do programa de xestión parlamentaria do Parlamento de Galicia adxudicado a Indra Soluciones Tecnologías de la Información, S.L.U. que entrou en vigor o 11 de marzo de 2021, ata o 10 de marzo de 2025, inclusive.

2º) Notificarlle este acordo á empresa.

3º) Comunicarlles este acordo aos Servizos de Asistencia Parlamentaria, de Tecnoloxías da Información, de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

4º) Publicar o acordo no perfil do contratante do Sistema Autonómico de Notificacións de Galicia.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte a esta notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, previsto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 30 xaneiro de 2024.

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.01.30 11:15:59 +01'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Asistencia Parlamentaria
Servizo de Tecnoloxías da Información
Servizo de Persoal e Réxime Interior

CSV: REXISTRO-wnlKE7EqA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 30/01/2024 12:31:02
Nº Rexistro: 18671
Data envio: 30/01/2024 12:31:02.595

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 30/01/2024 11:15:59

CSV: REXISTRO-wnlKE7EqA-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/